

ORDENANZA FISCAL Número . 2
REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE AUTOTURISMOS E
DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), este Concello establece a “Taxa por licenza de autoturismos e demais vehículos de aluguer”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, normas que atenden ao previsto no artigo 57 do citada Texto Refundido.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, sinalanse a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu outorgamento, co arreglo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos as licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Concesión de permisos e expedición de carnets para condución por asalariados de autoturismos e demais vehículos de aluguer.

Artigo 3º: SUXEITO PASIVO

Están obrigados ó pagamento da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- 1.- A persoa ou entidade a favor de quen se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou en favor de quen autorícese a transmisión da devandita licenza.
- 2.- O titular da licenza do vehículo que sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e os seus libros - rexistro sexan dilixenciados.
- 3.- A persoa ou entidade “asalariada” á quen se lle outorgue a concesión do permiso para a condución de autoturismos e demais vehículos de aluguer, a cal só gozará de aqueles dereitos que se deriven exclusivamente do pagamento do referido permiso.

Terá carácter de substituto do contribuínte, a persoa ou entidade á que se lle outorgue a concesión da licenza.

Artigo 4º: RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- Licenzas da Clase B: 162,89 €

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

a) Transmisión “ínter vivos”:

- -De licenzas da Clase B: 814,51 €

b) Transmisión “mortis causa”:

- -A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 81,46 €

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- De licenzas Clase B: 16,29 €

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- Revisión anual ordinaria: 40,72 €
- Revisión anual extraordinaria: 40,72 €

Epígrafe quinta: Permiso para condución por asalariado e expedición de carné.

- Polo trámite e concesión do permiso: 12,22 €
- Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 24,44 €.

Artigo 6º: EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pagamento da Taxa.

Artigo 7º: DEVENGO



1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír nos casos sinalados nas letras a), b), c) e e) do artigo 2º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licencia, autorice a súa transmisión, autorice a substitución do vehículo ou autorice o permiso para condución.

2.- Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos, a Taxa devengarase no momento no que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que devandita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8º: DECLARACIÓN E INGRESO

1.- A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2.- Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións das que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes o seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9º: INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 9-11-89 (Modificacións Plenarias de 01/12/1993, 25/10/1996, 14/12/2001, 14/3/2005, 27-10-2005, 25-09-2008, 29-9-2011, 25-09-2012, 31-10-2013, 26-10-2017 e 26-09-2019) e entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro das modificacións no B.O.P., permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA, para constatar que:

A redacción orixinal da presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polol Pleno do Concello en Sesión celebrada o día 9 de novembro de 1.989, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 4 de data 5 de xaneiro 1.990.

Polo Pleno de data 1 de decembro de 1.993 modifícanse os artigos 2º, 3º, 5º e 7º, e os seus textos íntegros publicáronse no B.O.P. Nº 47 de 28-2-1.994.

Polo Pleno de data 25 de outubro de 1.996 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 300 de 31 de decembro de 1.996.

Por Pleno de data 14 de decembro do 2001 modificouse o artigo 5º -Cota tributaria, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 54 de 6 de marzo do 2002.

Por Pleno de data 14 de marzo do 2005 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º, 5º e 9º, publicándose os textos íntegros dos artigos no B.O.P. Nº 138 de 18 de xuño do 2005.

Por Pleno de data 27 de outubro do 2005 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo no B.O.P. Nº 296 de 28 de decembro do 2005.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo no BOP nº 285 de 12 de decembro do 2008.



Ordenanza 2

Licenza autoturismos e
demais vehículos de aluguer

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo, no BOP Nº 241 de 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo, no BOP Nº 241 de 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo, no BOP Nº 3 de 7 de xaneiro do 2013.

Por Pleno de data 26 de outubro do 2017 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo, no BOP Nº 246 de 29 de decembro do 2017.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo, no BOP Nº 235 de 11 de decembro do 2019.